

XUNTA
DE GALICIA

Entrada 8242 / RX 2459816

Registro da Consellería de Sanidade
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 09/09/2025 13:12:18



ATT/CONSELLEIRO DE SANIDADE D. Antonio Gómez Caamaño

Dna. Luz Fernández Tuñas, en calidad de Secretaria Xeral da Federación de Sanidade de CCOO de Galicia, con correo electrónico a efectos de notificación lfernandez-sani@galicia.ccoo.es,

EXPÓN

1. No ano 2023 fírmase o Acordo de 20 de abril de 2023 en Mesa Sectorial do Sergas, publicado en DOG o 30 de xuño de 2023

En dito Acordo recóllese:

VI. Xornada laboral.

1. Aplicarase unha redución paulatina de 112 horas sobre a xornada ordinaria de 37,5 horas semanais, nas condicións seguintes:

- Ano 2023: redución de 21 horas na xornada laboral ordinaria para o persoal con quenda fixa de mañá ou tarde regulada no Acordo de concertación social do ano 2001 (Diario Oficial de Galicia número 55, do 19 de marzo), así como o persoal asimilable ao anterior nas condicións horarias. Esta redución será aplicada na quenda de sábado. En canto ao persoal con horarios especiais e rotación en quendas, seral le aplicada a redución neta de 21 horas sobre a xornada actual que resulte da táboa prevista no dito acordo de concertación social que xa teña asignada. Esta redución aplicarase na xornada ordinaria do persoal con acordos específicos de PAC (incluíndo PSX), médicos de urxencias e persoal residente.

- Coas mesmas condicións procederase á redución paulatina nos anos seguintes.

Ano 2024: 49 horas.

Ano 2025: 42 horas.

2. No ano 2025 entra en vigor a totalidade da reducción da xornada, quedando o persoal con quenda fixa de mañá ou tarde regulada no Acordo de concertación social do ano 2001 (Diario Oficial de Galicia número 55, do 19 de marzo), así como o persoal asimilable ao anterior nas condicións horarias con unha xornada de 1533h/anuais.
3. CCOO é coñecedora dunha Instrucción da Dirección de Recursos Humanos do SERGAS na que impide que as Xerencias den os días de exceso de cómputo (ou exceso de xornada) a unha serie de categorías profesionais e ámbitos.
4. Obviando a inxerencia de Servizos Centrais no cometido das Xerencias, CCOO non entende porqué desde a Consellería se fai diferenciación entre traballadores e a uns aplícaselles o Acordo de 20 de abril en canto a xornada e a outros non, a pesar de telo preguntado reiteradas veces en Mesas Sectoriais, non obtemos respostas por parte da Dirección de RRHH do Sergas.

é polo que

SOLICITA

Se aplique, con efecto inmediato, á totalidade do persoal do Sergas o Acordo de 20 de abril de 2023 en canto a Xornada Laboral Anual e se concedan os días de máis que traballa cada profesional no ano 2025.

En Santiago de Compostela, a 9 de setembro de 2025

